Socialistas responsabilizan ao PP e a Xunta pola redución dos servizos de liña de ATSA.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 02 Setembro 2013 19:50



O PSOE denuncia que a Xunta de Galicia segue sen desautorizar á empresa concesionaria do servizo de transporte público, ATSA, na súa "pretensión de redución drástica do servizo ".
Nese senso o portavoz Juan González (Nigrán), sinala que "En Chandebrito, Camos, Panxón e Parada o servizo público de viaxeiros quedará reducido ao mínimo".
Os socialistas tamén rexeitan as declaracións do rexedor de Nigrán, Alberto Valverde (PP) , nas que sinalaba ao alcalde de Vigo, Abel Caballero (PSOE) como responsable da falla de funcionamento do órgano supramunicipal que podería solucionar o problema do transporte público metropolitano.

"Mentres tanto o alcalde de Nigrán, en vez de defender os dereitos dos veciños e veciñas de Nigrán e esixir á Xunta de Galicia a paralización inmediata de esta proposta, culpa ao alcalde de Vigo de que ATSA coa complicidade da Xunta deixe a Nigrán sen servizo público de viaxeiros", sinalan dende o PSOE.
O PSOE insta ao Alcalde de Nigrán a que actúe "como verdadeiro Alcalde do municipio e dos seus cidadáns e que defenda ante a Xunta de Galicia e ante seu partido político a necesidade de conservar un servizo que, en moitos casos, segue sendo insuficiente e que se deixe de culpar aos demais do seu máis que evidente fracaso como gobernante".
Este é "o momento de unidade de todas as forzas políticas tal como se reflectiu na aprobación por unanimidade da moción presentada polo Partido Socialista no pleno do mes de febreiro e non de pelexarse con Alcaldes veciños sexan do cor político que sexan", conclúen dende o PSOE.